

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **VINTEOITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO** e da Interventora municipal **DONA ANA M<sup>a</sup> LOUREIRO SILVA**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCIONES.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- SERVICIOS SOCIAIS.-**

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**1.1.-** Escrito de varios vecinos de Silleda, Rexistro de Entrada nº 4253, de data 21 de setembro de 2007, solicitando que en relación os novos nomes que se van a poñer nas rúas deste municipio se utilicen topónimos, ou ben palabras que fagan referencia ao eido polo que traballaron e destacaron as persoas ou colectivos, ou palabras en galego que representen valores de recoñecemento universal, como por exemplo rúa da Paz, rúa dos Nenos, etc...

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterados desta proposta a cal será levada na vindeira reunión de cambios de nomes de rúas que se celebre.

**1.2.-** Escrito de Enel Unión Fenosa Renovables S.A., Rexistro de Entrada nº 4272, de data 24 de setembro de 2007, comunicando horarios de transportes especiais ó Parque Eólico

Couto de San Sebastián.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.3.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4275, de data 24 de setembro de 2007, solicitando informe en relación á denuncia do Seprona de Lalín, expediente MA961A 2007/000264-4, contra Dº Jesús Sánchez García por non xustificar a licenza municipal da actividade ubicada no lugar de Senra, nº 27, parroquia de Escuadro (Silleda)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que emita o informe solicitado e dar traslado do mesmo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

**1.4.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Rexistro de Entrada nº 4274, de data 24 de setembro de 2007, solicitando listado de establecementos de hostalería con licenza de apertura neste municipio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que proceda a remitir o solicitado.

**1.5.-** Escrito da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, (Rexistro de Entrada nº 4279, de data 24 de setembro de 2007), remitindo resolución en relación coa axuda concendida a esta entidade local para a redacción do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada e dar traslado do mesmo á Intervención e Secretaría do Concello para revisión do expediente.

**1.6.-** Escrito do Concello de Dozón, Rexistro de Entrada nº 4291, de data 25 de setembro de 2007, remitindo certificación do acordo da Xunta de Goberno Local do mencionado Concello, correspondente a súa sesión do 10 de setembro de 2007, ós efectos de que si se estima oportuno se apoie o mesmo en relación coa construción dun enlace completo entre a AP-53 e a N-525 en Dozón.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**1.7.-** Escrito de Dª Ana Marái Rey Radío, Rexistro de Entrada nº 4289, de data 25 de setembro de 2007, indicando que é propietaria dunha vivenda na rúa H de Silleda, e que do seu nome non existe indicador algún na mencionada rúa, polo que a correspondencia non chega o seu destino. Asimesmo indica que carece de alumeado público e contenedores de lixo, polo que solicita o acondicionamento da mencionada rúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada e remitir este escrito á concellería de obras para buscar unha posible solución a estas demenadas.

**1.8.-** Escrito de Dº Juan Manuel Mourón Conde, Rexistro de Entrada nº 4331, de data

26 de setembro de 2007, contestando ó acordo desta mesma Xunta de Goberno Local celebrada o día 26 de xullo de 2007, sobre a propiedade do mobiliario existente no teleclub de Manduas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o escrito anteriormente mencionado, acorda comunicar o Sr. Mourón Conde que proceda a retirar o mobiliario da súa propiedade sito no mencionado teleclub de Manduas.

**1.9.-** Escrito de Dº Manuel José González Pena, en representación da Asociación de Veciños San Martín de Negreiros, Rexistro de Entrada nº 4320, de data 26 de setembro de 2007, solicitando informe do Arquitecto ou Aparellador Municipal sobre as obras necesarias na igrexa parroquia de Negreiros, para seu posterior envío ás oficinas de Patrimonio en Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir este escrito á oficina técnica municipal para que se proceda a realizar o solicitado e posterior envío ó solicitante.

**1.10.-** Escrito de Administración de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), Rexistro de Entrada nº 4322, de data 26 de setembro de 2007, remitindo informe actualizado das actuacións levadas a cabo para a reparación dos desperfecto ocasionados con motivo das obras da liña de alta velocidade, subtramo Carboeiro-Dornelas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e se procederá o seu estudio.

**1.11.-** Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 4388, de data 28 de setembro de 2007, remitindo o resultado dos análisis das augas realizados na rúa República Arxentina (Silleda) e rúa Camilo José Cella (Bandeira), ambas mostras tomadas o día 17 de setembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda dar traslado deste escrito ó servizo municipal de fontanería.

**1.12.-** Escrito da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, Rexistro de Entrada nº 4376, de data 27 de setembro de 2007, sobre o remate da cesión de uso do inmovible sito na rúa Pontevedra nº 6 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterados deste escrito e comunicar ó mencionado organismo a intención do concello de continuar coa cesión no seu día concedida, a efectos de levar a cabo os trámites precisos.

**1.13.-** Escrito da Secretaría Xeral da Igualdade de Vicepresidencia, Rexistro de Entrada nº 4381, de data 27 de setembro de 2007, sobre a realización dun curso de formación en violencia de xénero, dirixido a persoas que traballan nos servizos sociais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á concelleira de Servizos Sociais.

**1.14.-** Escrito de Taelpo Telecom, S.L., Rexistro de Entrada nº 4369, de data 27 de setembro de 2007, solicitando a expedición de xustificante de renuncia por parte de este concello ó servizo de cobertura de telefonía móvil en núcleos rurais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar a Taelpo Telecom, S.L. que aclara mellor a solicitude.

**1.15.-** Escrito da Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais de Vicepresidencia, Rexistro de Entrada nº 4340, de data 27 de setembro de 2007, remitindo informe técnico referente ao permiso de inicio de actividade do centro social, sito na Avda. do Parque de Silleda, co obxecto de que se proceda a enmenda das deficiencias que nel se recollen.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito ó técnico redactor do proxecto para a subsanación das enmendas e que se adapte á normativa vixente.

**1.16.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4345, de data 27 de setembro de 2007, solicitando informe en relación á denuncia do Seprona de Lalín, expediente MA961A 2007/000438-4, contra Dº Faustino Saavedra Lago por non xustificar a licenza municipal da actividade ubicada na rúa Iryda, nº 14 de Bandeira (Silleda)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que emita o informe solicitado e dar traslado do mesmo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

**1.17.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4344, de data 27 de setembro de 2007, solicitando informe en relación á denuncia do Seprona de Lalín, expediente MA961A 2007/000437-4, contra Dº José Antonio González Iglesias por non xustificar a licenza municipal da actividade ubicada na rúa República Arxentina, nº 7 (Silleda)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que emita o informe solicitado e dar traslado do mesmo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

**1.18.-** Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4346, de data 27 de setembro de 2007, solicitando informe en relación á denuncia do Seprona de Lalín, expediente MA961A 2007/000378-4, contra Dº Manuel Gómez Fraiz por vertido de augas residuais procedentes dunha granxa de procino á vía pública, no lugar de Reboredo, parroquia de Taboada (Silleda)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que emita o informe solicitado e dar traslado do mesmo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

**1.19.-** Escrito do Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), indicando que, dentro do convenio de colaboración asinado entre o Concello de

Silleda e o ORAL, para a xestión e recadación das multas de tráfico, solicítase información para a tramitación dos procedementos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda nomear como instructor o Cabo da Policía Local, e remitir este escrito o mesmo para que termine de cumprimentar a documentación solicitada.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

Non hai asuntos que tratar.

## **3º.- SUBVENCIONES.-**

**3.1.-** Dase conta do proxecto confeccionado polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez denominado “**Acondicionamiento y mejora de calles y arreglo de viales**” cun presuposto de execución por contrata de 66.000,00 □□□.

A Xunta de Goberno Local, visto o proxecto anteriormente mencionado, por unanimidade acorda prestar aprobación o mesmo e solicitar a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de proxecto da obra incluída no PAM 2006-2008 denominada “Acondicionamiento e mellora de rúas (San Isidro, Morón, Emilio Alonso Paz) e arranxo de viais” por “**Acondicionamiento y mejora de calles y arreglo de viales**”.

## **4º.- URBANISMO.-**

### **4.1.- Actividades Clasificadas:**

**4.1.1.-** Licencia Nº 3935/05. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Julio Insua Villamayor, en representación da FUNDACIÓN Mª SEOANE COLMEIRO, solicitando Licencia para reforma de local para ampliación de gardería, a situar no Colexio Mª Inmaculada-rúa María Colmeiro, nº 4 baixo (Silleda).

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 14 de setembro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 4357, de data 27 de setembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.

c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

d) A traballar coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada. A saída de gases e fumes da cociña será o cumio da edificación por conducto independente. Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. Todo equipamento dotado de motor/es estará debidamente equilibrado estática e dinamicamente e en bó estado de conservación, e apoiarase sobre material absorvente/elástico que asegure a minimización de ruído e/ou vibracións, e afastado de partes estruturais que poidan actuar como transmisoras de ruidos e/ou vibracións. O equipamento de ventilación/climatización contará con illamento acústico e antivibratorio, disporá de elementos ralentizadores da velocidade de saída do aire viciado e as saídas localizaranse lonxadas de ocos e/ou ventás de vivendas próximas. Xestionará os residuos xerados na actividade segundo sexa a súa tipoloxía, con xestores autorizados conforme do disposto na normativa vixente.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

## **5º.- SERVICIOS SOCIAIS.-**

**5.1.-** Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D<sup>a</sup> Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a D<sup>a</sup> Consuelo Casal Fernández, con domicilio na rúa Iryda nº 16-1º de Bandeira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servizo de Teleasistencia Domiciliaria de D<sup>a</sup> Consuelo Casal Fernández.

## **6º.- INTERVENCIÓN.-**

**6.1.-** Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00011-07, de data

28 de setembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 20.725,65 □□□

**6.2.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder a devolución de 51,65 □□□ a favor de García González-Posada y Hernández Gestoría, en concepto do IVTM do remolque con nº de chasis HT-120.755, por tratarse dun remolque agrícola.

**6.3.-** A Xunta de Goberbo Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó pago de asistencias a reunións (Plenos, Comisións Informativas e Xunta de Goberno Local), por parte dos concelleiros da Corporación, correspondente o período entre o 13 de xullo e 31 de agosto de 2007, ascendendo a cantidade de tres mil catrocentos sesenta e un con setenta e seis céntimos (3.461,76 □□□).

**6.4.-** En relación o procedemento ordinario 0004147/2003 interposto por Dº Manuel Riego Porriño, S.A., e recibido do TSJG-Sala Contencioso nº 002, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda executar a sentenza e proceder o pago de 3.023,60 □□□ do principal e 1.443,09 de intereses devengados.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,